



Premios Innovagal 2021-2022


Mario Outeiro Iglesias

Enxeñeiro Químico

Profesor de Física e Química no IES Pedregal de Irimia



Convocados os premios educativos Innovagal para o profesorado e os centros docentes públicos da comunidade autónoma de Galicia durante o curso escolar 2021/22

Escoitar 

Lun, 21/06/2021 - 15:51



Resolución do 16 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se convocan os premios educativos Innovagal para o profesorado e os centros docentes públicos da comunidade autónoma de Galicia durante o curso escolar 2021/22

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade convoca por segundo ano consecutivo os premios educativos Innovagal co obxectivo de premiar a aqueles centros e docentes cunha traxectoria de compromiso coa innovación educativa ao desenvolver enfoques didácticos e/ou

organizativos que buscan dar resposta ás necesidades do seu alumnado. Necesidades que varían en función do seu contexto sociocultural pero tamén en función dos cambios que, a nivel global, se están a experimentar na sociedade.



Modalidades e destinatarios:

- Modalidade *centro*: dirixida a centros docentes públicos dependentes desta consellería que oferten ensinanzas de educación infantil, primaria, ESO e bacharelato.
- Modalidade *docente*: dirixida ao persoal docente funcionario de carreira que imparte ensinanzas en centros docentes públicos que oferten ensinanzas de educación infantil, primaria, ESO e bacharelato.

Categorías:

- Categoría A: escolas de educación infantil, colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria e colexios de educación primaria.
- Categoría B: centros públicos integrados e institutos de educación secundaria.

Premios e recoñecementos:

- Na modalidade *centro* outorgaranse tres premios cos seguintes importes: 10.000 euros para o 1º premio, 6.000 euros para o 2º premio, 3.000 euros para o 3º premio. Os centros premiados nesta convocatoria recibirán ademais o distintivo de "Centro educativo Innovagal".
- Na modalidade *docente* outorgaranse oito premios dotados con 3.000 euros cada un e o profesorado premiado recibirá unha certificación de premio de innovación educativa cunha equivalencia de 50 horas de formación permanente do profesorado.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación rematará o 5 de outubro de 2021



SUBMODALIDADE 1: Deseño curricular e organización escolar	
Liñas temáticas da submodalidade 1	Deseño e desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial. Programación, seguimento e avaliación. Didácticas específicas e metodoloxías.
	Actualización científica e didáctica do profesorado. Observación inter-pares e inter-centros.
	Biblioteca escolar
SUBMODALIDADE 2: Ámbito lingüístico e social	
Liñas temáticas da submodalidade 2	Iniciativas no ámbito das humanidades e das ciencias sociais: arte, música, historia, filosofía, economía,...
	Programas de Plurilingüismo. Competencia comunicativa en linguas maternas e estranxeiras. Tratamento Integrado das Linguas.
SUBMODALIDADE 3: Ámbito científico-tecnolóxico e matemático	
Liñas temáticas da submodalidade 3	Educación dixital. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais.
	Iniciativas no ámbito STEM (ciencia-tecnoloxía-enxeñaría-matemáticas).
SUBMODALIDADE 4: Escolas saudables e abertas á contorna	
Liñas temáticas da submodalidade 4	Promoción de estilos e hábitos de vida saudables: vida activa, alimentación saudable, prevención de condutas aditivas e/ou de risco para a saúde,...
	Deseño de espazos educativos. Dimensión educativa dos espazos do centro educativo. Mobilidade sostible e segura no entorno escolar.
	Sustentabilidade e concienciación ambiental
	Educación para o desenvolvemento sostible e a cidadanía global
	Colaboración coa contorna. Escolas abertas. O centro escolar fóra do horario lectivo.



Iniciativas presentadas:

CENTRO	INICIATIVA	CURSOS
CPI de Cervantes	Proxecto PAN: a panificación nos Ancares	2015-2017
CPI de Cervantes	A formación en apicultura como achega para un futuro sustentábel na montaña lucense	2016-2017
IES Pedregal de Irimia	Aproveitamento dos Recursos do Medio Natural (ARMN)	2018-2022



Antecedentes cervantegos:

Proxecto PAN: a panificación nos Ancares.

Resumo:

https://sips2020.sepa.gal/docs/sala-7_participacion-social-y-educacion_escuelas-comunidades-y-ambientes/proxecto-pan_a-panificacion-nos-ancares_7.pdf

Vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=0AN0zCWTyKo&list=PL6RxclxEnZDiGPqHFE6LC2L10jINx0Lv7&index=8>

A formación en apicultura como achega para un futuro sustentábel na montaña lucense.

Resumo:


https://sips2020.sepa.gal/docs/sala-2_educacion-social-y-gestion-de-la-diversidad-biologica-y-cultural/a-formacin-en-apicultura-como-achega-para-un-futuro-sustentbel-na-montaa-lucense_2.pdf

Vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=Im6E4PKDR-w&list=PL6RxclxEnZDiWTu5LvgwZjzO5KSPPoS6d&index=10>








A Chaira

MARIO OUTEIRO RECIBE UN PREMIO INNOVAGAL
El director del IES de Meira ve reconocido su proyecto educativo, que vincula al alumnado con su entorno.



Os premios Innovagal recoñecen o labor docente de Mario Outeiro

► O director do IES Pedregal de Irimia puxo en marcha hai catro cursos a materia optativa Aproveitamento dos Recursos do Medio Natural para que os alumnos coñezan o seu contorno

C.P.R. MEIRA. O director do IES Pedregal de Irimia, Mario Outeiro, vén de ver recoñecido o seu labor docente cun premio educativo Innovagal, concedido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade co obxectivo de pór en valor o labor didáctico a través de prácticas innovadoras que permitan «aplicar metodoloxías activas que sitúen o alumnado como protagonista da súa propia aprendizaxe e que fomenten o traballo en equipo», tal e como recollen as bases da convocatoria.

A concesión do premio susténtase en dous piares, o proxecto educativo do seu actual centro, onde por cuarto ano se imparte a materia de deseño propio Aproveitamento dos Recursos do Medio Natural, e os traballos previos desenvolvidos na mesma liña en Cervantes, onde puxo en marcha actividades relacionadas coa elaboración do pan na zona dos Ancares e coa apicultura da montaña, que vén de presentar tamén nun congreso pedagóxico en Lugo.

«Non contaba co premio, porque hai iniciativas moi interesantes», apunta Outeiro ao coñecer a concesión dun galardón que, ante todo, «supón un apoio para seguir traballando na mesma liña».

«O premio indica que se vai no camiño correcto e que temos que seguir traballando para dar o seguinte paso, porque o obxectivo de cara ao futuro é exportar a materia a outros centros e que poida chegar a ser unha materia de configuración autonómica», avanza, lembrando a boa acollida que ten entre o alumnado de segundo de



Exposición micolóxica no instituto meirago, unha das actividades que forman parte da materia.

secundaria, onde Aproveitamento dos Recursos do Medio Natural, configurada derde o departamento de Física e Química, se oferta como optativa unha vez á semana. De 29 alumnos, elixírona 23, o que xunto a este recoñecemento,



Mario Outeiro
Director do IES de Meira

► O obxectivo de cara ao futuro é exportar a materia a outros centros educativos e que sexa de configuración autonómica»

dá azos para seguir traballando na mesma liña, que inclúe charlas, prácticas de apicultura e cultivos, saídas para coñecer o contorno a garderías, recollidas micolóxicas ou calquera iniciativa que encaixe no coñecemento da zona e na porta en valor dos recursos do rural como alternativa de futuro.

E ideas non faltan. «Queremos mellorar a práctica en horticultura e fruticultura», avanza Mario Outeiro, que xa se puxo en contacto co Concello para facer uso dunha parcela municipal, anexa ao centro, pois o invernadoiro e o terreo co que contan no recinto educativo comeza a facerse eco para as prácticas previstas.

A CONVOCATORIA. O certame Innovagal conta con dúas modalidades, unha de centro e outra para profesorado, nas categorías de primaria e de secundaria. O

proxeito co que concorreu Mario Outeiro foi distinguido na de docentes, concretamente no apartado de Escolas Saudables e Abertas á Contorna, ao que podían optar traballos que promovían estilos de vida e hábitos saudables, desleño de espazos educativos, sustentabilidade e concienciación ambiental, educación para o desenvolvemento sostible ou colaboración coa contorna.

En total, a convocatoria deste ano recoñeceu o labor de seis docentes, todos cun primeiro premio de 3.000 euros na súa respectiva submodalidade; e de seis centros, tres de primaria —os Ceip Torre Cela de Bueu, Camiño Inglés de Oroso e Valle Inclán de Vigo— e tres de secundaria —os IES Valadares de Vigo, A Cachada de Beiro e Manuel Gurguía de Arteixo—, recompensados con 10.000, 6.000 e 3.000 euros, respectivamente.

O Concello vilalbés impulsa a formación en igualdade con obradoiros escolares

Vilalba


C.P.R. VILALBA. O Concello de Vilalba acaba de poñer en marcha unha serie de obradoiros, dirixidos ao alumnado dos centros educativos do municipio, para promover a formación en igualdade e contra a violencia machista. As actividades, que comezaban a semana pasada e están impartidas pola asente de igualdade contratada polo Concello, desenvolveranse en principio ata marzo, aínda que non se descarta darlles continui-

quinto de primaria dos colexios Manuel Mato Vizoso, Antonio Insa Bermúdez, Terra Chá e Monseivane. Nos obradoiros para os máis pequenos, segundo precisan desde o Concello, abóndanse temas coma os estereotipos e os roles de xénero, a autoestima, a corresponsabilidade, as tarefas domésticas, a resolución de conflitos; as habilidades sociais, as emocións a presión psicolóxica ou a desmitificación das profesións de mulleres e de homes.

Pola súa banda, nas sesións de primaria búscase analizar a es-

tado de fomentar unha visión crítica da realidade establecida para percartarse das desigualdades, analizando a linguaxe, os estereotipos, a falta de corresponsabilidade doméstica ou a influencia de axentes socializadores.

No IES Basanta Silva, os obradoiros están dirixidos aos estudantes de primeiro de secundaria e con eles buscarase demostrar «os mitos do amor romántico e os estragos que provoca na xuventude». Tamén se traballarán os estereotipos, os micromachismos ou a violencia de xénero, fomentando as



Alerta ao Seprona pola morta preto do río Lea,

Un veciño de Castro de Rei avistou cadáver dunha cabra nunha cun-

El rural en una materia o un pasapalabra de mate

Los galardones Innovagal, con premios de hasta 10.000 euros, destacan la labor de centros y docentes implicados en el progreso en educación

■ M. Rodríguez
VIGO

Se trata de conocer el medio en el que viven. De valorarlo. Pero también de identidad y de autoestima. En un futuro no muy lejano los estudiantes del IES Pedregal de Irimia (Meira-Lugo) tendrán la opción de probar o crear salidas labo-

rales en su propio entorno: una zona rural en la que hace falta mano de obra cualificada. El profesor Mario Outeiro creó una asignatura de libre configuración de centro que se basa precisamente en que el alumnado explore el mundo en el que vive, el que conoce, el más próximo... Cómo se trabaja la tierra, la apicultura, invernaderos, exploran,

practican, visitan explotaciones agropecuarias, aprenden cómo funciona una comunidad de montes mediante un juego de rol... Esta materia tiene un ambicioso reto, según indica Outeiro: ayudar a luchar contra la despoblación del rural. Que el alumnado conozca bien su entorno más próximo y también fomentar la equidad entre el alum-

nado del medio rural y el urbano.

Mario Outeiro es uno de los seis docentes premiados, junto a Esther Padín y Lorena Estévez, que participan en este reportaje, y Rubén Molinero Malvido, María del Carmen Boado Aguinaga y Sergio Clavero, que participaron en el reportaje realizado en el último número de este suplemento.

Esther Padín es profesora en el IES A Xunqueira II de Pontevedra, con importantes resultados en el espacio Maker de su centro. Participa en varios proyectos, como el Club de Ciencia, Espazos Maker y STEMBach. Estas iniciativas pretenden, a través de proyectos STEM, promover las vocaciones hacia la investigación científica y tecnológica, así como mejorar las competencias comunicativas y digitales en el alumnado.

Los premios Innovagal se crea-

“Las prácticas innovadoras permiten situar al alumnado como protagonista de su propio aprendizaje”

ron para distinguir el trabajo de centros y docentes con una trayectoria de compromiso con la innovación educativa, al apostar por enfoques didácticos u/y organizativos que buscan dar respuesta a las necesidades de su alumnado, unas necesidades que varían en función de su contexto sociocultural pero también en función de los cambios que, a nivel global, experimenta la sociedad. Así consta en la convocatoria de los mismos por parte de la Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



MARIO OUTEIRO
IES Pedregal de Irimia (Meira-Lugo)

Aprender a apreciar o rural e ollar ao futuro

Este docente creou unha materia para valorar e aproveitar o medio natural

Mario Outeiro naceu no Corgo, un pequeno municipio a 14 kilómetros de Lugo. “É un concello totalmente rural”, comenta este docente, que actualmente imparte clase no IES Pedregal de Irimia (Meira-Lugo). Outeiro é pura vocación. Adora o seu traballo. Hai catro anos inventou unha materia nova, que imparte no seu instituto: “Aproveitamento dos

“
Pretende que a materia que el inventou e imparte no seu instituto poida impartirse noutros centros

Recursos do Medio Natural”. Para Outeiro é fundamental que o alumnado coñeza o contexto no que medra, no que se desenvolve e que poida sacarlle partido. Outeiro é un dos docentes distinguidos nos Premios Innovagal. Mediante esta materia o alumnado realiza salidas, explora, entende como se traballa a terra, experi-

menta no invernadoiro, estuda o solo, aprende a identificar árbores, tamén outras especies, estuda e practica apicultura, coñece explotacións agropecuarias ou como funciona unha comunidade de montes... Horticultura e fruticultura son os próximos obxectivos. Esta materia é de libre configuración de centro. Outeiro quere que sexa de configuración autonómica e que poida impartirse noutros centros educativos.